

Venres, 21 de xullo de 2023

Núm. 141

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL****VILABOA****Recadación***APROBACIÓN DO PADRÓN DE AUGA MAIO-XUÑO 2023***A N U N C I O**

*Asunto: APROBACIÓN PADRÓN TAXA DE AUGA POTABLE, CANON DE AUGA E COEFICIENTE DE VERTIDO A SISTEMAS PÚBLICOS DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS MAIO-XUÑO 2023*

Mediante Resolución de Alcaldía nº 2023-0617 de data 7 de XULLO de 2023, aprobouse o Padrón confeccionado pola empresa Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia SAU, relativo á Taxa de auga potable, canon da auga e coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais, correspondente ós meses de MAIO-XUÑO de 2023.

O Padrón exporase ó público mediante anuncio de aprobación no BOP da Provincia de Pontevedra, así como no Taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de notificación colectiva das liquidacións correspondentes, de acordo co previsto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria e arts. 24 e 25 do RD 939/2005.

Así mesmo, faise saber que, sen prexuízo das reclamacións que se poidan presentar contra o citado Padrón, o prazo de ingreso en período voluntario das citadas taxas, será de sesenta días dende a súa aprobación e publicación no BOPPO.

Rematado o período voluntario de ingreso, os recibos non pagados esixiranse pola vía administrativa de prema, coas recargas e xuros correspondentes, consonte co establecido nos artigos 161 da Lei xeral tributaria e 69 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación.(R.D. 939/2005,de 29 de xullo). Ademais, no caso do canon da auga e do coeficiente de vertedura advírtese ao contribuínte de que a falta de pagamento no período voluntario sinalado suporá a esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Contra a aprobación do Padrón só poderá interpoñerse recurso de reposición, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao do remate do período de exposición pública do referido Padrón (art. 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Facendas Locais). De igual modo, a repercusión do canon da auga e o coeficiente de vertedura, poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende a súa publicación no BOP.

O alcalde, César Poza González

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:BD54XNEGFRHM13LE

